



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Extracto da Resolución da Alcaldía do Concello de Muros, pola que se convocan as bolsas para deportistas do Concello de Muros durante o ano 2025.

1. Bases xerais reguladoras

As bases xerais reguladoras da concesión destas subvencións están publicadas no BOP núm. 74 de 21 de abril de 2025, constituíndo o marco regulamentario xeral de aplicación para as convocatorias que se realicen dentro do seu obxecto.

2. Contía

Denominación:	Convocatoria para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de bolsas para deportistas do concello de muros para o ano 2025
Aplicación orzamentaria:	Partida: 25/341/48000
Importe máximo da subvención que se ha conceder:	500,00 €
Importe solicitado:	Do 20 % ao 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento:	Variable entre 0,20 e 0,80
Importe máximo do total das subvencións concedidas	4.000,00 €

3. Finalidade e obxecto

O obxecto destas bases é a de apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como facilitando a súa participación en eventos deportivos.

4. Beneficiarios

Serán beneficiarios destas axudas aqueles deportistas "carácter individual", considerándose estes, todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por 1 ou 2 deportistas como máximo e que cumpran os requisitos e as condicións contempladas no artigo 5. das Bases xerais.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Exclúense da presente convocatoria os cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que a persoa solicitante deberá comunicar ao Concello de Muros.

Inclúense nesta convocatoria os programas e actividades desenvolvidos dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2025.

5. Órgano competente para a Instrución e resolución e comisión de valoración.

A Comisión de valoración estará composto por:

Presidencia: alcaldesa do Concello de Muros.

Secretaría: secretario/a municipal, que participará con voz pero sen voto.

Vogais:

- Concelleiro/a de Deportes do Concello de Muros,
- Técnico/a do departamento de Asuntos Económicos
- Técnico/a do departamento de Deportes

O Órgano instrutor será o monitor de cultura do Concello de Muros, ou, no seu defecto, o persoal técnico que designe a Alcaldía - Presidencia mediante Resolución, quen contará coas funcións previstas nos artigos 21 e 24 da Lei de Subvencións de Galicia

6. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Muros, na páxina web: sede.muros.gal

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes e iniciárase no día seguinte da publicación desta Convocatoria específica no BOP da Coruña.

As solicitudes presentaranse nos modelos normalizados publicados como anexos a estas bases específicas, e que estarán a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Muros, por calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

7. Prazo para ditar a resolución e practicar a notificación

A resolución de concesión notificarase expresamente a todas as entidades solicitantes de forma fidedigna nun prazo máximo de tres meses dende a data límite de presentación de



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

solicitudes. As subvencións concedidas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Muros e na súa páxina web www.muros.gal.

Vencido o prazo máximo sen que sexa notificada a resolución expresa á persoa interesada deberá entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Concederáselles un prazo de audiencia de 10 días hábiles para presentaren, se fora o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación, o cambio de obxecto, ou as alegacións que consideren oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polas persoas interesadas.

8. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o día 30 de novembro de 2025.

9. Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa, sendo susceptible de recurso de reposición perante o mesmo órgano que resolve, conforme o dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, no prazo de un mes a contar dende a día seguinte da recepción da notificación, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

10. Referencia normativa

En todo o non previsto na presente convocatoria e Bases específicas, serán de aplicación as disposicións contidas na Lei Xeral de Subvencións, a Lei de Subvencións de Galicia e nos seus respectivos regulamentos, así como nas Bases xerais reguladoras da convocatoria destas subvencións (BOP núm. 74 do día 21 de abril de 2025).

11. Entrada en vigor

Estas bases específicas entrarán en vigor a partir do día seguinte da publicación do extracto das mesmas no BOP.

A alcaldesa en funcións do Concello de Muros

Laura Eiras Rivadeneira

(asinado dixitalmente)



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal